

FARUK

Asli Özge, 2025

1620

ESTREA EN NUMAX: 27.10.2025 | V.O.S.E. | +12 | 97 min

Faruk, un home de 90 e pico anos, convértese no protagonista da película da súa filla sobre a inminente demolición do seu bloque de pisos en Istambul. Ao mesmo tempo, Faruk asiste ás reunións da comunidade de propietarios coa esperanza de atrasar o proceso de demolición do edificio no que viviu durante décadas. Aos poucos, a realidade e a ficción entrelázanse e a liña que as separa comeza a difuminarse.

«Ofrece un xiro persoal e peculiar a un importante problema socioeconómico»

Nikki Baughan, SCREENDAILY



A xentrificación como metáfora existencial

Por María Verchili Martí

A estas alturas do descabalgado século XXI, tan colapsados como nos atopamos polo fenómeno global da transformación integral das cidades para convertelas en redutos inhabitables para a cidadanía, cobran especial relevancia propostas como a da directora turca Aslı Özge. En *Faruk*, a película que se titula sen máis co nome do seu protagonista absoluto, Özge ensaia un simulacro de documental en base á inminente demolición do edificio dun barrio de Istambul, no que o seu pai, case centenário, viviu durante décadas. Özge, á que lembramos polo seu recoñecido debut *Men on the Bridge* (2008), retorna ás rúas da urbe marcada pola encrucillada oriente-occidente para ofrecer un testemuño lúcido e inevitablemente persoal, rodado ao longo de sete anos e que participou con notable recoñecemento na sección Panorama da Berlinale, sobre as terribles consecuencias da especulación urbanística sen freo nas comunidades humanas que alí habitan, facendo especial fincapé na xente maior para compoñer unha reflexión socio-existencial de importante calado.

Arrinca o filme facendo alarde do seu sinal cinematográfico testemuñal, cunha primeira escena na que a realizadora, fóra de plano, mostran a gravación da presentación do seu protagonista, dándolle instrucións sobre a maneira de posar fronte a un espello. A potencia expresiva do rostro e o torso espido do ancián, recortado sobre o fondo negro da pantalla de Özge, consegue fixar os detalles dunha relación paterno-filial e dun tránsito vital que paradoxalmente se irá cimentando a nivel narrativo sobre as ruínas da edificación que unha vez foi o seu fogar. No relato das andanzas do seu pai, a acción real e o concreto feito cinematográfico entrelázanse a modo de declaración de intencións, xerando un efecto de distanciamento, unha sensación de incompreensión do proxenitor respecto ao traballo da súa filla, á que en todo caso apoia.

Pero sobre todo imponse o sentimento de desamparo, que alcanza o seu punto culminante cando Faruk e os seus amigos do barrio coñecen da localización doutro veciño que transitara morto no metro durante horas, sen que ninguén reparase na súa presenza. O fenómeno social mimetízase co persoal e específico do filme, para reflexionar con amargura sobre o trato terrible aos anciáns nas sociedades contemporáneas. Entre as múltiples reunións coa veciñanza, ou os promotores ou construtores implicados, nas que rende o desánimo, o noso protagonista visita un posible piso de substitución. O discurso vacuo do axente inmobiliario consegue fixar a exacta dimensión do canibalismo capitalista que se atrincheira detrás destes plans de renovación urbana. En consonancia, o relato imprégñase de nostalxia coa invasión da pantalla en primerísimos planos das postais da súa filla desde o estranxeiro, das fotos de mocidade ou dos vídeos familiares, ata culminar na efectiva demolición do edificio ante a mirada da audiencia, abrumadoramente simbólica do fracaso socio-político.

E para terminar, a modo de epílogo de poderosa expresividade visual, cóntanos a directora (e a filla) sobre as vacacións do seu pai nun destino de praia, coa potente estampa de Faruk facendo o morto no mar, rodeado de peixes, nesa natureza azulada e perdida —é a imaxe utilizada para promocionar, con ironía, esta película—. Ou nesoutro virtuoso plano da rúa mollada na urbe, espello dos pasos acelerados dos transeúntes doentes de indiferenza e aceleración, testemuño final dun relato demoledor.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Gentrificación,
Jorge Sequera Fernández.
Catarata

*Estrategias contra la
gentrificación,*
Lisa Vollmer.
Katakak